

# A paz imperfecta. Diatribas entre escritores e críticos

CARLOS FREIRE

Envexas, rancores, éxito social, premios, carraxe, conviccións estéticas... Como se dunha constante universal se tratara, desde que hai escritores, hai diatribas entre eles. Nun momento, a rivalidade existente provoca odios teimudos e xordos; noutro, convértese no motivo de inspiración dun bo número de anécdotas. Cando Valle-Inclán e Pío Baroja tropezaron na porta do café Gijón, en Madrid, Baroja, que nese momento saía, díxolle ao seu adversario: «Yo no le cedo el paso a los maricones». Valle-Inclán, botándose a un lado, espetoulle: «Yo zí» (o autor de *Tirano Banderas* cargaba no zeta).

Unha boa diatriba pode conseguir o que non logra unha relación amigable e prolongada. Hai anos, o escritor chileno Jorge Edwards dixo nunha entrevista que as novelas do mexicano Carlos Fuentes eran malísimas. Tras facerse públicas na prensa estas declaracións, Fuentes propúxolle firmar por escrito un pacto de non agresión para que ningún dos dous puidese volver falar mal do outro. E Edwards firmou. Porén, este constitúe un caso excepcional. O máis frecuente é que as invectivas suban de ton pouco a pouco, ou tamén, como veremos, que os autores impliquen nos seus ataques aos críticos literarios.

Quen fermentou o conflito nas letras galegas a principios do ano 2005 foi Santiago Jaureguizar. O tres de xaneiro publicou na canle de Internet *Vieiros* un artigo no que atacaba a obra e a figura pública de Xosé Carlos Caneiro:

Cada vez que [Xosé Carlos Caneiro] quita un texto en prosa, sométome de certo á disciplina de intentar lelo dando por suposto que os gustos literarios son irracionais e radicalmente subxectivos. Determino para comezalos que onde eu vexo extensísimos exercicios de prosa lírica propios da chea de poetas reconvertidos en narradores que padecemos, houbo moitos xurados que miraron un bo novelista. A proba é que Caneiro mereceu os nosos mellores galardóns.

Máis adiante continúa Jaureguizar:

Os seus textos en prosa comparten algo que se asemella a unha estrutura e ten por toda regra sumar tramas aloxicamente. [...] Amais, en Caneiro sempre acho un estilo que parece máis unha mostra cuantitativa de coñecemento de

vocabulario que unha vontade estilística —os amoreamentos de adxectivos e adverbios fanme supor incapacidade para escoller entre eles—.

A análise conclúe diagnosticando que a «capacidade redactora» de Caneiro e a súa exuberante produción narrativa non constitúen un valor *per se*, e que en definitiva o moito escribir do de Verín debe entenderse máis ben «como unha eiva causada pola incontinenxia». Pero malia a dureza dos termos empregados e o severo xuízo final, poida que un dos escarnios máis interesantes estea ao principio do texto de Jaureguizar, cando nos di:

Hai tempo aturei cun silencio comedido a desmesura de ter que ler en *A Nosa Terra* que se situase unha obra de Xosé Carlos Caneiro como mellor que *Don Quijote de la Mancha* —un libro deforme, pero que mudou a historia da novela—, pero quedei atordado diante dos paralelismos que o crítico Xosé Manuel Eyré establece no número anterior deste semanario entre os estilos de Caneiro e Antonio Tabucchi en *Tristano morre*, así como diante da comparanza que o analista literario Emilio Cid lle fai con Roberto Bolaño.

Non é esta a primeira vez que un autor cita a xa célebre recensión de Eyré. Remontémonos ata o ano 1998. No mes de maio, Suso de Toro publica nas páxinas da revista *Ajoblanco* un artigo sobre a situación da literatura galega actual e comenta:

La gente de letras, hoy, aquí, cada día es menos diversa y se conoce más entre ella. Sólo así se comprende que un joven crítico dijese hace unas semanas del libro de un compañero de facultad que, aunque algunos resentidos no lo creyesen, aquel libro era tan bueno como el *Quijote*, y así continuó dibujando adjetivos hasta que al final de la reseña, ya caliente, afirmó: «y aún digo más: es mejor que el *Quijote*». Y el mundo ignorante de todo ello.

Este comentario do escritor santiagués provocou a reacción tanto de Eyré como de Caneiro. Ámbolos dous escribirían á sección de cartas ao director da revista, facendo público o seu malestar. Entre outras cousas, Eyré dicía na súa carta, publicada no número correspondente a xullo e agosto:

Yo soy ese crítico al que de Toro se refiere, un «jovencito» que desde el 88 publica crítica literaria con asiduidad. El que ha encontrado un libro mejor que *El Quijote*. El libro en cuestión es *Un xogo de apócrifos*, de Xosé Carlos Caneiro, posteriormente Premio de la Crítica. Evidentemente, mantengo lo dicho.

En realidade, tal diatriba en contra mía no hubiera existido si mi crítica de *Calzados Lola* (la última novela de De Toro) hubiera sido positiva, que no lo fue. Hete aquí que lo que debiera ser una visión panorámica de la literatura gallega se convierte en un aserto calumnioso en contra mía. A partir del cuarto párrafo comienzan los adjetivos que, *in crescendo*, culminarán afirmando que dije lo que dije del libro de Caneiro porque ¡fuimos compañeros de facultad! Hasta el lunes 25 de mayo, jamás he hablado con Caneiro, y sobran testigos y testimonios de que no fuimos compañeros de facultad. Mi abogado estudia el caso y en mi ánimo no está descartar lo peor. Como crítico exigente de total independencia y nunca sumiso, estoy acostumbrado a todo, pero la injuria ultrapasa mi paciencia.

Compárese coa carta de Caneiro, reproducida aquí en parte:

[...] en defensa de mi dignidad y de la dignidad del crítico quiero manifestar que no conozco personalmente a X. M. Eyré y que, además, tampoco he sido su compañero de Facultad. En la fecha que escribo esta carta (25 de mayo del 98), no he cruzado una palabra con él y, por lo tanto, las aseveraciones del señor Toro definen perfectamente su carácter.

Por lo demás, y sin querer discutir sobre el torpe contenido de su artículo, debo lamentar que la imagen que se ofrezca a los lectores de *Ajoblanco* sobre la literatura gallega sea la reflejada por el señor De Toro, un escritor que explota sin escrúpulos los recursos del mercado para difundir su horripante obra literaria.

Pero cales eran os termos da crítica literaria escrita por Eyré respecto a *Un xogo de apócrifos*? Esaxeran Santiago Jaureguizar e Suso de Toro ao considerala un despropósito? Vexamos. Oito de xaneiro de 1998. O semanario *A Nosa Terra* publica nas súas páxinas dedicadas á cultura a mencionada recensión firmada por Xosé M. Eyré. Xa de entrada, o crítico invita ao corpo académico a facer estudos pomenorizados sobre *Un xogo de apócrifos*, pois a obra «é merecente» deles. Logo, compara a novela con *Na procura do tempo perdido* de Proust, *Ulises* de James Joyce, *Alicia no país das maravillas* de Lewis Carroll e a *Morte de Virxilio* de Hermann Broch, citando tamén de pasada a Kafka, Borges, Cortázar, Cunqueiro, Fole, Pedrayo, John Dos Passos e Cela. «Ouso e digo que a obra de Caneiro non ten nada que envexar ás que citamos para a comparanza», afirma o autor da crítica, quen rematará co seguinte parágrafo:

Cando chegará o día en que *Un xogo* sexa contemplado, dentro do ensino, coa mesma seriedade que *O Quixote* na literatura castelá? Mentres Silesio Braun non mereza tanta atención e devoción como Alonso Quijano, seguiremos a infravalorar o que temos, por máis que a obra de Caneiro é superior á cervantina... que non faga rir como o enxeñoso fidalgo restaralle adeptos ineptos: a obra de Caneiro é superior á cervantina.

Dáse a curiosa circunstancia, ademais, de que na mesma páxina onde se atopa a crítica á obra de Caneiro aparece outra sobre a novela *Calzados Lola*, de Suso de Toro. Esta recensión non pode ser a mesma á que se refire Eyré na súa carta á revista *Ajoblanco*, xa que vai firmada por X. M. de Castro Erroteta, agás que este nome sexa un pseudónimo de X. M. Eyré (advirta o lector que deste xeito se formaría un pequeno xogo de apócrifos que pecharía o asunto de forma ideal).

Castro Erroteta fai unha lectura austera e algo forzada de *Calzados Lola*, como se desprende das seguintes liñas:

Esta novela de variadas lecturas, ben estruturada, amena e doada de ler para calquera que sexa a esixencia do lector que se enfrenta ao libro, ofértanos unha nova aposta pola renovación e pescuda narrativa deste autor que segue a nos sorprenden en cada nova entrega que fai ao prelo e que mesmo por eso merece o noso interese.

E algo máis adiante:

Dalgún xeito a novela é unha volta aos seus primeiros traballos, mais sen desbotar algúns achádegos estilísticos que podemos atopar nos seus máis recentes.

Temos aquí dúas críticas de dous autores consagrados compartindo a mesma páxina do xornal. Que lector non faría certa comparanza? Permítaseme citar, como remate, a Oscar Wilde, quen dixo con moito tino que para calquera autor só hai dúas clases de críticos: os malos, que sempre lle parecerán demasiados, e aqueles que eloxian ao autor, que sempre lle parecerán poucos e nunca o suficientemente entusiastas.